

UNA VIAJE SORPRESA



GSK

María Jesús Chacón Huertas
Carmen Ramos

Este libro se realizou grazas ao patrocinio de GSK



© 2022

Autora: María Jesús Chacón Huertas
Ilustración: Carmen Ramos

www.weeblebooks.com
info@weeblebooks.com

Madrid, España, 2022

Disclaimer:

A efectos de transparencia, informámoslle que GSK colaborou no financiamento da presente publicación. O seu contido reflicte as opinións, criterios, conclusións e/ou achados propios dos autores, os cales poden non coincidir necesariamente cos de GSK.

Información xeral. Para obter máis información, consulte ao seu médico.

Código: NP-ES-AOU-PINS-220055(v1) 09/2022

Para todas as persoas que deben enfrontarse a un camiño inesperado, un camiño con sombras e luces.

Neste novo conto, convidámoste a coñecer a Dani, Marcos e a súa familia. Xuntos poderedes compartir a súa historia e coñecer os seus medos, frustracións e angurias, pero nel tamén hai lugar para a alegría, os sonhos e a ilusión.

A propia vida é unha viaxe sorpresa, coas súas subidas e baixadas, pero sempre cunha senda á esperanza.

Preparados?

O número de cancros diagnosticados en España no ano 2022 estímase que alcanzará os 280.100 casos e que en 2040, a incidencia aumente a 341.000 casos.(1) Os cancros máis frecuentemente diagnosticados en mulleres en España en 2022 serán os de mama, os de colon e recto e os cancros xinecolóxicos (1). En España, o cancro xinecolóxico é o terceiro cancro máis común entre mulleres (1,2). Entre os tumores xinecolóxicos, o cancro de endometrio é o máis frecuente seguido do cancro de ovario e do cancro de colo uterino ou cérvix (1).

Máis alá dos datos, debemos saber que un diagnóstico de cancro non ten por que ser sinónimo de morte. Na nosa sociedade, cada vez se consegue a curación dunha maior proporción de casos de cancro e nun número importante de casos, os seus síntomas poden ser controlados de xeito adecuado. Cada vez se persegue unha maior dedicación á investigación neste campo, sempre tentando conseguir a curación para distintos tipos de cancro ou buscando a mellora da calidade de vida das persoas que o padecen.(3)

Área de Relacións con Pacientes de GSK España

Referencias:

1. As cifras do cancro en España, 2022 [Internet]. Sociedade Española de Oncoloxía Médica (SEOM). Publicado o 1 de febreiro de 2022 [Último acceso: xullo 2022]. Dispoñible en: https://seom.org/images/LAS_CIFRAS_DEL_CANCER_EN_ESPANA_2022.pdf.
2. European Cancer Information System (ECIS). Estimates of cancer and mortality in 2020, for all cancer sites [Internet]. 2020. [Último acceso: xullo 2022]. Dispoñible en: https://gco.iarc.fr/today/online-analysis-table?v=2020&mode=cancer&mode_population=continents&population=900&populations=724&key=asr&sex=2&cancer=39&type=0&statis=5&prevalence=0&population_group=0&ages_group%5B%5D=0&ages_group%5B%5D=17&group_cancer=1&include_nmsc=0&include_nmsc_other=1#collapse-group-0-4
3. Crenzas erróneas, mitos e pseudoterapias sobre o cancro [Internet]. Asociación Española Contra o Cancro. [último acceso: xullo 2022]. Dispoñible en: https://www.contraelcancer.es/sites/default/files/content-file/Creencias-erroneas-cancer_0.pdf

Co reconocimiento e/ou aval social de:



Co apoio institucional de



—Mira, Dani, un concurso! — exclamou Marcos—. Apuntámonos?

—Como nos imos a apuntar? Anda, déixate de bobadas! —contesteille ao meu irmán, tentando quitarlle a idea da cabeza.

—Que si, mira, le! —insistiu mentres lía en voz alta o anuncio do instituto.

—Ves, Dani? Parece que o fixeron para nós. Temos unha historia que compartir! Co ben que escribes... Xa acabamos os exames, a semana que vén é Nadal, tes tempo dabondo. É o momento perfecto!

I CONCURSO DE RELATOS XUVENÍS

Crea o teu relato sobre UNHA VIAXE SORPRESA

Se tes unha historia
inesquecible que contar,
este concurso é para ti
Dirixido aos alumnos de
3º e 4º da ESO

ENVÍO:

unhaviaxesorpresa@oteuinstituto.com

PRAZO DE ENTREGA: 4 semanas

PREMIO: O relato gañador será
ilustrado por un dos mellores
debuxantes da cidade e será
publicado nas redes sociais

Volvino ler unha vez máis: «...e será publicado nas redes sociais». Quedei con esa última frase. Empecei a imaxinar que, por unha remota casualidade, o noso relato gañaba o concurso e viaxaba polo mundo. Esa foi a razón que me empuxou a atreverme a participar.

—Vale, vale, pesado, para, que xa me convenciches! Pero... ti estás pensando o mesmo ca min, verdade? —dixen pensativo.

—Si, si, claro!... a viaxe de mamá.

—Xa, pero, en realidade, non é unha viaxe.

—Depende de como o mires, Dani. Todas as viaxes teñen un principio e un final, a que si? Pois iso, a viaxe de mamá empezou hai catro anos e, se todo vai ben, acabará dentro de pouco.

—Tes razón, Marcos! É unha viaxe diferente...




Así foi como o meu irmán xemelgo me convenceu para participar no concurso. Se non fora porque somos idénticos fisicamente, ninguén diría que somos irmáns. Somos tan iguais e diferentes á vez... El é máis atrevido e movido ca min. Ademais, ten o don da palabra, non sei como o fai, pero é desas persoas que lle caen ben a todo o mundo. O que máis me gusta del é que tenta ver sempre o positivo do negativo. Vaia, que Marcos é a alegría da casa. Supoño que, por todo iso, cando mamá comezou a súa viaxe, eu púxenme a escribir nunha especie de diario que nos regalaran polo noso aniversario. E Marcos, como cada vez buscaba unha escusa ou outra para non escribir, regaloume o seu. Ah! Temos unha cadelinha que se chama Nela. Regalounola o tío Davide cando fixemos sete anos. O tío Davide é o irmán de mamá, e á parte de ser o noso padriño, é o meu tío preferido. Axudoume moito co de mamá. Marcos, con todo, refuxiouse en Nela.





O tío Davide vive preto da nosa casa. Está solteiro. Encántanlle os nenos, por iso é tan bo profe. Tamén lle gustan moito os avións, sempre está lendo sobre todo tipo de avións. Ás veces, cando eramos pequenos, levábanos ao aeroporto para que viramos como despegaban e aterraban. E contábanos detalladamente todo o que sabía: onde se fabricara ese modelo, canto tempo tardaran en facer aqueloutro, cantos pasaxeiros cabían... E ao final, falábanos tanto, tanto que conseguiu contaxiarnos a súa paixón. Sabedes que é o máis gracioso? Pois que o tío Davide é calvo, é tan calvo que ata a súa cabeza parece unha pista de aterraxe, ha, ha. Xamais vin nin un só pelo na súa cacha. Seguro que é o calvo máis calvo de todos os calvos do mundo. E non pensedes que non ten pelo, non, o que pasa é que lle gusta afeitálo. Sempre nos dixo que lle dá sorte.

Dicía que, se tocabamos a súa calva, a nós tamén nos daría sorte. Así que, desde pequeniños, o meu irmán e mais eu pasabámoslle a man pola cabeza cando queriamos aprobar un exame, por exemplo. A min sempre me funcionaba, pero ao meu irmán non tanto, porque, ás veces, suspendía. E o meu irmán cría que era porque non lla pasaba ben.



Lembro o día que lle preguntei por que se afeitaba así a cabeza. Eu tería uns nove anos. Entón, el subíume ao seu colo, coma sempre que me ía dicir algo importante, e explicoume:

—Xa sabes, Dani, que sempre che dixen que as cabezas calvas dan sorte, verdade? Pois, vaia, esa é e non é a razón de que me afeite a cabeza...

—Como? Non te entendo, tío.

—A ver como cho explico, pequeno —dixo mentres buscaba as mellores palabras para facelo—. Coñeces ao meu amigo Xosé, verdade?

—Si, o da melena?

—Si, si, ese. Ben, pois esa melena que ti dis tena agora, porque houbo un tempo no que estivo calvo, e pasouno mal, moi mal.


—É que tivo cancro, tío?

—Pero, Dani, eu aquí pensando como explicarcho e ti vas e sóltasmo así, sen máis!

— É que onte, no recreo, os meus amigos e mais eu estivemos falando do cancro. Sabela contounos que o seu avó tiña cancro de pos... de pos... data? Ou algo así.

— He, he, he! —Riu o meu tío—. Cancro de próstata, Dani, de próstata —corrixíume.

—Ah, vale! É que como empezou a dicir que, coa medicina que lle ían poñer, íalle a caer o pelo, pois... non escoitei ben o nome.



—Claro, normal! Ben, pois iso foi exactamente o que lle pasou ao meu amigo Xosé, aínda que el non tivo cancro de próstata, senón de pulmón. Esa medicina que dis, que se chama quimioterapia, é tan forte que fai que se che caia o pelo. Iso si, logo, cando se acaba o tratamento, o pelo tarda un tempo en medrar, pero faino con máis forza que antes. Por iso, Xosé presume agora tanto da súa melena.

—Xa, pero que ten que ver iso con que ti esteas calvo?

—Pois verás... sabes que pasa? Que, do mesmo xeito que ti me contas as túas cousas, o meu amigo pasouno tan mal, sobre todo ao principio, que el se refuxiou en min e contábame como se sentía. Creo que o día que peor o pasou foi cando decidiu ir ao salón de peiteado a que o raparan. «Non quero ver como me cae o pelo aos poucos, Davide. Mañá irei a que me rapen», díxome o meu amigo.

»Entón, eu, tratando de quitarlle importancia, suxerílle: «Mañá? E por que non agora? Eu pódote rapar, teño aquí a máquina de afeitar. Vou por ela».



Xosé miroume sorprendido. Nin sequera lle dei tempo a responder porque fun directo ao baño e volvín decontado coa máquina de cortar o pelo. «Ves?, aquí está! Eu xa estou preparado, e ti?», preguntelle. Quedou parado, en silencio, eu seguín sen dicir palabra. A súa mirada fixa despistoume. Ao final, el tamén me sorprendeu coa súa rotunda e xocosa resposta: «Preparado, Davide! Pero ollo! Non me fagas ningunha desfeita, eh!?».

»E así foi como lle rapei a cabeza ao meu amigo Xosé. Cando acabamos, mirouse no espello e non puido disimular a súa tristura ao se ver. Entón, eu, case sen pensalo, volvín coller a máquina e, mentres lla daba, díxenlle: «Toma, agora tócame a min. Eu tamén estou preparado!». «Pero que dis!, estás tolo?», contestoume case enfadado. «Veña, quero que me rapes!», repetinlle. E o meu amigo Xosé rapoume, Dani. E desde entón, estou calvo, como dis ti. Non te creas, non o tiña pensado. Xurdiu así naquel intre. Foi como unha maneira de apoialo nese momento tan duro para el.



Ves? Se che digo que o meu tío Davide mola, é que mola de verdade da boa. De pequenos, case sempre iamos con el ao cole porque traballa na nosa escola, claro. Así, mamá podía marchar antes a traballar. O tío Davide e mamá naceron nunha vila pequena, Monfontes. A nosa casa da vila está na praza, e a do tío, na rúa de atrás, xusto ao lado do parque. Oxalá todos os nenos tivesen unha vila. A Marcos e a min encántanos ir. E é que estar na vila é coma estar noutro mundo. Está preto da cidade e lonxe do ruído e das horas do reloxo. Cando máis imos á vila é na primavera e no verán. Pero, ás veces, cando neva, tamén nos escapamos algunha finde. E é que, na vila, papá e mamá déixannos saír sós coa bici. Sempre nos din que na vila non hai tanto perigo como na cidade. Un dos meus momentos preferidos é cando, ao final do verán, imos os catro en bicicleta a coller esas enormes amoras que, segundo mamá, só existen na súa vila. Eu creo que é un pouco esaxerada, a verdade. E papá tamén o cre. Cando acaba o verán e montamos no coche para volver a casa, estamos tan tristes e morriñentos que o meu irmán sempre lle fai a mesma pregunta a papá:



—Papá, poderemos volver a finde que vén?

— Guau, guau! —ladra Nela, coma se ela tamén quixese volver.

E papá, antes de que Marcos remate a súa pregunta, tamén lle contesta coa mesma resposta.

—Xa veremos, fillo, pode que si, pode que non! Quen sabe o que pasará a fin de semana que vén? Deixa que a vida te sorprenda, Marcos. Hai que vivir o día a día.

Esa é unha das frases preferidas de papá: «Hai que vivir o día a día». Creo que, de tanto oíla, ao final, aprenderei algún día, non? E vaia se a vida nos sorprende; papá tiña razón. En pouco tempo, tivemos dúas sorpresas seguidas: unha boa e unha mala.

HAI QUE VIVIR O DIA A DIA



A boa chegou o día que fixemos dez anos. O tío Davide era case sempre dos primeiros en felicitar nos, pero aquel día, como nos levaron papá e mamá á escola, non o vimos. Tampouco nos chamou por teléfono, que raro. Creo que papá e mamá estaban conxurados con el, porque non lle deron importancia. Pola tarde, fixemos unha merendola na casa. Viñeron os nosos amigos e tamén a mellor amiga de mamá, Merchi. Cando marcharon os nosos amigos, mamá envioulle unha mensaxe ao tío para que viñese. Iso contoumo o tío despois, porque eu non me dei de conta. Ao soar o timbre, Marcos e mais eu fomos correndo a abrir.

—Tío, por fin, xa pensaba que esqueceras o noso aniversario! —exclamou Marcos.

Abalanzámonos sobre el e démoslle un bicazo enorme. El felicítounos tirándonos dez veces das orellas.

—Pero como vou esquecer algo así, iso é imposible! Se me acordo antes de voso aniversario que do meu, he, he.



O tío saudou a mamá, a papá e a Merchi, a quen tamén coñecía e preguntounos se lle gardáramos un anaco de torta.

—Claro, tío, este anaco tan grande é para ti!
—díxenlle eu.

Marcos veu cara a min e borboriñoume no oído que que raro era que o tío non nos trouxera ningún agasallo. Mamá viunos e chamounos a atención:

—Nenos, non faledes tan baixiño, que é de mala educación! Que pasa?

—Nada, mamá, síntoo! —exclamou Marcos.

—Deixa aos rapaces, muller, non pasa nada!

—defendeunos o meu tío.

Mamá insistiulle para que comese algo máis que a torta, pero o tío non quixo. En canto acabou de comela, foi cara ao colgadoiro e sacou do seu bolso dous sobres.

—A ver, a ver, agora o agasallo dos meus rapaces! Isto é para vós!

—Un sobre? —preguntou Marcos impaciente.

—Un sobre e... o que hai dentro do sobre.



Marcos e mais eu abrimos con coidado os sobres. En cada un deles había algo semellante a dúas cartolinas pequenas...

—Pero que agasallo tan raro, tío!

—Anda, lede o que pon!

Empezamos a lelas e... non o podiamos crer!

—Mamá, papá, hurraaa!, son billetes de avión!

— Graciassss, tío, es o mellor! —díxenlle tolo de contento.

Mamá e papá sorprendéronse tanto coma nós. Eles tampouco o sabían. Só faltaban tres semanas para a viaxe. Entón, mamá colleu os billetes e amosoullos a papá, sinalando a data.



—Que pasa, irmá? —preguntou o tío.

—Non, nada, só estaba mirando a data, pensaba que coincidía co día que teño que ir ao médico, pero non. Vaia regalo, irmanciño!

—Ao médico?, pásache algo? —preguntoulle preocupado

Vin como mamá miraba a papá, e como papá asentía coa cabeza. Entón, mamá respondeu:

—Teño un pequeno vulto no peito, seguro que non é nada, pero, por precaución, o meu médico mandoume ir ao especialista.

—Temos cita a semana que vén. Así quedaremos todos máis tranquilos! —sentenciou papá—. E vós, nenos, non tedes deberes para mañá? Despedídevos de Merchi e do tío e preparade os deberes de mañá, veña.

—Vale, papá!

Fomos para o noso cuarto superfelices. Iamos viaxar en avión por primeira vez! O meu irmán e mais eu estabamos tan emocionados que case esquecemos o de mamá. Aquel día era a primeira vez que a escoitabamos dicir que tiña un vulto. E aínda que os dous sabiamos que había vultos bos e malos, o inxenuo do meu irmán tratou de convencerme de que o de mamá seguro que era bo, porque estaba convencido de que a calva do tío, que é o noso amuleto da sorte, sempre nos protexía.



Ao día seguinte, na escola, contámoslles aos nosos amigos o da viaxe. O meu amigo Paco díxome que tampouco era para tanto, que el xa viaxara dúas veces en avión, e que era un pouco esaxerado. Lembroume ao de mamá coas amoras da vila. E Valeria, a mellor amiga de Marcos, comentoulle ao meu irmán que viaxar en barco era moito máis emocionante que ir en avión. Parecía que non se alegraban.

Cando chegamos a casa, contámosllo a mamá e ela restoulle importancia.

—Non vos preocupedes, nenos, é normal! Eles xa viaxaron en avión e, ademais, non teñen a sorte de ter un tío coma o tío Davide, que lles conte todo o que vós sabedes sobre os avións.


—É certo, mamá! —respondín.

—Papá e mais eu tamén estamos moi ilusionados con esta viaxe. Xa veredes, vai ser marabillosa!

—E se nos mareamos no avión, mamá?
—pregunteille un pouco angustiada.

—Co que vos gusta tirarvos polas tirolesas, como vos ides marear? Non creo!

—Es a mellor nai do mundo! —exclamou o meu irmán.



E é que é certo, mamá é a mellor. Cando papá vén, ás veces, enfadado do traballo, cóntallo a mamá e ela, axiña, consegue tranquilizalo. E cando ao meu irmán ou a min nos pasa algo, nin sequera fai falta que llo digamos porque ela xa o intúe. É coma se se puxese uns lentes de mirar por dentro ou algo así, creo que ten un superpoder.

A mamá sempre lle gustou coidarse. Trata de facer deporte dúas ou tres veces á semana. Hai uns anos, decidiu empezar a correr. E cando conseguiu correr cinco quilómetros, convenceu á súa amiga da alma para que fora correr con ela. Agora, as dúas corren doce quilómetros! Así é a miña nai; eu dígolle que é a raíña do “pouco a pouco”. A súa frase estrela é que «todo ocorre por algo e que o verdadeiramente importante na vida pasa sempre devagar».

Desde o día do noso aniversario, mamá non nos volveu dicir nada máis do seu vulto. Nin tampouco volveu correr, que estraño!

—Mamá! Non quedaches para correr con Merchi esta tarde?

—Non, Dani, non. Non me atopo ben, estou un pouco cansa. Será do traballo. A ver se a semana que vén estou mellor, xa se me pasará.




Mamá tentou disimular, pero non se lle daba moi ben. Eu sabía que, se mamá non facía deporte, era porque estaba mal de verdade. Comenteille a Marcos que estaba un pouco preocupado polo de mamá.

—E se mamá está mal polo do vulto, Marcos?

—Que non, Dani, nin o penses, xa verás como non! É que mamá non para, por iso está tan cansa. Quedan tres días para o médico, non?

—Si, o venres pola mañá.

Durante eses tres días na casa non falabamos doutra cousa que non fose a viaxe: que se do tempo que ía facer, da roupa que iamos levar, dos lugares que visitaríamos e, o mellor de todo, papá non paraba de amosarnos as fotos que había na internet do parque de atraccións ao que iríamos. Que chulada! Aquela semana fíxosenos eteeerna, parecía que o tempo non pasaba... ata que, por fin, chegou o día no que mamá volveu da súa cita co especialista, o oncólogo. E entón, deunos a segunda sorpresa, a mala...



Lémbroo coma se fora onte. Ese venres, o meu irmán e mais eu non volvíamos a casa tan contentos coma de costume. Sentiámonos nerviosos, claro. Cando estabamos a piques de chegar ao portal, o tío recibiu unha mensaxe de mamá dicíndolle que subise connosco. Papá estábanos esperando coa porta aberta.

—Que tal os meus rapaces?, como vos foi na escola? Ola, Davide!

—Ola, papá! E mamá?, que vos dixo o médico?

—preguntoulle o meu irmán acelerado.

—Vide, vamos! Agora vos contamos, temos que falar.

Non me gustan nada esas tres palabras. Cando alguén di «temos que falar», quere dicir que o que vai contar é algo malo, a que si? Nas pelis tamén pasa. Fomos directos ao salón sen dicir palabra. Mamá estaba sentada no seu sitio. Démoslle un bico, e o meu irmán e mais eu sentámonos un a cada lado. Papá, no sofá de en fronte, e o tío, no outro. Entón, mamá empezou a dicirnos iso que non queríamos ouvir:



—Ben, xa sabedes que estas últimas semanas non me atopaba moi ben. Quería pensar que só era cansazo acumulado, pero non. O oncolóxico confirmoume que ese vultioño que teño no peito é un tumor maligno, así que teño que empezar o tratamento xa.

—Dentro do malo —proseguiu o meu pai— collémolo na súa fase inicial, e iso é unha boa noticia.

Nela, que estaba recostada aos pés de papá, xemeu un pouco, coma se estivese triste. Marcos enfadouse polo que dixera papá.

—Esa non é unha boa noticia! Ter cancro non é unha boa noticia! —exclamou.

—O meu irmán ten razón, que mamá teña cancro non é unha boa noticia, papá! —dixen, aguantando as ganas de chorar.

—Claro que non! Refírome a que é moi importante que o detectamos a tempo —argumentou papá.

—Así é, nenos. Tranquilizádevos —defendeuno mamá—. Xa sabedes que o cancro é unha das enfermidades máis estendidas e, aínda que hai bastantes tipos de cancro, a ciencia avanzou tanto hoxe en día que moitos deles cúranse. O que papá quere dicir é que, se non me saíse este vultioño, igual non mo detectaban ata que estivese máis avanzado. Vedes como é unha boa noticia?



Unha vez máis, mamá case nos convenceu. Aínda que o meu irmán e mais eu seguíamos un pouco aparvados, sen saber que dicir. Entón, mamá proseguiu:

—Papá e mais eu preferimos contárvolo desde o primeiro momento porque a nosa vida vai cambiar un pouco. Síntoo, rapaces, o que máis me doe é que imos ter que adiar a nosa viaxe. Davide, cres que poderás cambiar os billetes?

—Seguro que si, mañá mesmo paso pola axencia, a ver que me din.

—Mamá, non te preocupes pola viaxe, xa iremos cando esteas ben, a que si, Marcos?

—Claro! Agora tocounos outra viaxe: unha viaxe sorpresa, mamá. E nós acompañarémote. Esta viaxe tamén a faremos xuntos! —exclamou o meu irmán.

—Seino, meu neno, sodes os mellores! Aínda que me temo que teremos algunhas curvas...

Que orgulloso estou do meu irmán, que palabras máis bonitas! Mamá emocionouse e escapáronselle algunhas bágoas. Entón, abrazámola moi forte. Nela achegouse para que a acariñáramos.



—Guau, guau, guau! —ladrou movendo o seu rabiño.

—Veña, xa vale de sentimentalismos. Sacades a Nela a pasear un ratiño, rapaces?

—dixo mamá secándose as bágoas—. Non sae desde esta mañá. Xa seguiremos falando a fin de semana, vale?

O tío quedou un intre máis con mamá mentres papá, Marcos e mais eu saímos á rúa con Nela.

—Davide, a semana que vén empezo xa a quimio. Gustaríame que me axudases a cortar o pelo. Cando tes un oco? Prefiro que me rapes antes de que me caia. Pensei mercar unha perruca. Esta fin de semana, contarémoslles aos nenos o que nos dixo o oncólogo, en que consiste o tratamento... Non quería angustialos o primeiro día. Xa sabes, irmán, mellor asumilo...

—Aos poucos, irmaciña, claro que si. Os nenos xa son maiores e responsables. Levarano ben, xa verás.

—Si, iso espero. Aínda así, é unha situación difícil para todos.

—Ti es forte, agora só tes que ocuparte de ti e de facer todo o que che diga o médico. E procurar estar o máis relaxada posible. Se queredes, algunha fin de semana podo levar aos rapaces á vila. Viralles ben.

—Vale, xa veremos. Si, é unha boa idea, Davide. Grazas por todo, es un sol.



Ao día seguinte, mentres o meu irmán e mais eu fomos facer a compra con papá mamá quedou na casa. Axudámoslle a papá a gardar todo e, logo, papá preparoulle un café ben quente a mamá. Entón, sentamos con ela e seguimos falando do tema. Nela estaba profundamente durmida.

—Pero, nenos, non me miredes con esa cara, que estou ben! A semana que vén empezo xa coa quimioterapia.

—Xa?, tan pronto? —pregunteille angustiada.

—Si, Dani, canto antes mellor. Xa sabedes que a quimio é un dos medicamentos para tratar o cancro.

—Ao avó de Sabela só lle deron radioterapia, mamá.

—E ti como sabes iso, fillo?

—Contoumo Sabela un día no recreo. E o tío tamén me contou o do cancro de pulmón do seu amigo Xosé...

—Normal, o cancro é máis común do que pensamos. Pouca xente haberá que non coñeza a alguén con cancro. O que pasa é que aínda hai familias que prefiren ocultarllelo aos fillos cando son pequenos. Mamá e mais eu pensamos que o mellor para todos é falar do tema. Se queredes preguntarnos algo... —interveu papá.



Entón, ao meu irmán faltoulle tempo para facer a única pregunta que non tiña resposta:

—E coa quimioterapia que te van poñer, curaraste, mamá?

—Ben, a quimioterapia é a medicina que vai tratar o meu cancro, si. E vai axudar a que o meu cancro desapareza. Aínda que a verdade é que é tan forte que me vai debilitar un pouco o organismo. E sabedes por que?

—Non, por que? —preguntamos os dous á vez.

—Pois porque a quimio de cada paciente, ademais de matar as células malas, tamén mata as boas. Entón, iso fai que diminúan as defensas e, por tanto, o corpo debilítase. A quimio, ademais de axudar a que o cancro desapareza, tamén serve para aliviar os síntomas da enfermidade, diminuír o risco de que volva aparecer e axudar ás persoas.

Escoitei con atención todo o que nos estaba explicando mamá. Creo que o meu irmán non porque estaba desexando soltar a súa seguinte pregunta.



—E... entón, váiseche a caer o pelo, verdade? —dixo.

—Si pero non, Marcos.


—Ehhh?

—Imaxino que si, claro. Refírome a que xa quedei co tío en que mo reparará o venres pola tarde. Axudarédeslle? Se queredes, cortádesmo vós un pouquiño, primeiro, e logo, el deixárame a cabeza coma a de Caillou, he, he, he. Ah! E vou mercar unha perruca, aínda que só a poña para saír á rúa.

—Igal é mellor que quedes na casa, mamá —opinei.

—A ver como me senta a quimio, Dani. En principio, a miña idea é facer vida o máis normal posible. Imaxino que os primeiros días estarei un pouco débil, pero tratarei de seguir a miña marcha. E se non podo correr, pois camiñarei. O importante é seguir... e cos coidadores que teño, vaia sorte a miña!

Mamá era increíble, case nos anima ela a nós. E volveu facelo: conseguiu facer dun momento difícil un momento especial. Contounos que lle ían dar ciclos de quimioterapia.



Desde ese día, o meu irmán estivo raro, non parecía o mesmo. Era coma se estivese enfadado co mundo. Apenas falaba, e sempre buscaba unha escusa para encerrarse na súa habitación. Entón, eu, sen que se decatara, abría a porta con coidado para que entrara Nela. E con ela si que falaba, si, oíao bisbar todo o que non se atrevía a contarnos a nós.

O venres pola tarde, volvemos a casa co tío. Era a tarde que quedara con mamá para cortarlle o pelo. Marcos encerrouse directamente na súa habitación, aínda que esta vez foi el quen deixou a porta entreaberta. Mamá tentou convencelo para que saíse, co pretexto de que quería facer un selfie. Non o conseguiu. Papá e mais o tío prepararon todo no salón. Eu disimulaba, coma se estivese ben, pero a verdade é que non o estaba. E empezamos a cortarlle o pelo a mamá. Primeiro, papá e logo eu. Que mal o fixemos! Vaia desfeita...

—Pero, rapaces, que me estades facendo!? Dani, xa che digo eu que como perruqueiro non te gañas a vida, he, he, he!



Mamá volveu chamar a Marcos. Escoitamos a porta, coma se fora saír, pero non, falsa alarma. Marcos non saíu. Quería, pero non podía.

—Agora tócame a min! —dixo o tío—. Preparada para que che pase o cortacésped?

—Preparada! —exclamou mamá.

E o tío empezou. Non lle custou nin cinco minutos deixarlle a mamá a cabeza coma a súa. Entón, veume á memoria o día no que o tío me contou a historia do seu amigo Xosé e mais el. E sen pensalo, exclamei:



—Eu tamén quero, tío! Rápame como a mamá, porfi!

Mamá e papá miráronse pasmados.

—De ningunha maneira, Dani! Nin se che ocorra, non tes por que facelo.

—Que si, mamá, que quero raparme, así, logo, o pelo medrarame máis forte! —exclamei mirando ao tío, coma se esa fose a verdadeira razón.

Entón, o tío miroume emocionado e orgulloso. Era o único que sabía a verdadeira razón pola que o facía. De súpeto, Nela apareceu no salón. E tras ela, ouvimos uns pasos de alguén que se achegaba... Era Marcos!

—E eu tamén! Despois a min, tío. Quero que me rapes coma a mamá! —exclamou o meu irmán cos ollos brillantes.

Mamá púxose moi contenta de ver a Marcos. Nese momento, por fin, os cinco fixémonos o selfie que mamá tanto quería. Vaia, os cinco non, os seis, porque Nela tamén saíu. Custounos convencer a papá e a mamá para que o tío nos rapara, pero, ao final, conseguímolos.



Por fin, desde ese momento, ao meu irmán pasóuselle o seu enfado co mundo. Deixou de falar só con Nela e volveu ser o noso Marcos de sempre: a alegría da casa.

Esa finde, mamá mercou a perruca. Tal e como lle comentara o médico, la quimio pasouna regular, tiña bastantes náuseas. Pero, despois, se non fora polo do pelo, facía vida normal. Cando mamá nos dixo que tiña cancro, eu non entendín ben o das curvas. Agora sei que se refería con quimio.

Mamá ía ao oncólogo unha vez cada tres semanas. O día anterior á súa cita, sempre lle tiñan que sacar sangue. A mamá encantáballe contarnos o amables que eran todos no hospital de día, que era onde lle poñían o contagotas coa quimio.




—Vaia enfermeira simpática que me tocou, rapaces! Eli explicoume desde o primeiro día todos os efectos secundarios que podería ter coa quimio. Outro día que non estaba ela, foi Elena a que me recomendou que seguisse facendo exercicio moderado, que viñese ao hospital relaxada... E o meu oncólogo xa nin vos conto. Son maravillosos. E sabedes cal é o meu pensamento preferido para relaxarme antes da quimio?

—Non, mamá —dixo o meu irmán intrigado.

—Pois penso en... na nosa viaxe! Imaxínonos no aeroporto, subindo ao avión, gozando no parque de atraccións... E faime tan feliz pensalo que ás veces ata creo que é real.

—Serao, mamá, xa falta menos! Vas pola última sesión de quimio! En canto te poñas forte, iremos.



Dous meses despois de acabar coa quimio, comezou a medrarlle o pelo a mamá. Que guapa estaba! Agora saíalle máis rizado que antes. Foi collendo forzas pouco a pouco. E como todo parecía ir ben, xa só ía ao oncólogo unha vez cada tres meses. Entón, volvemos ir á vila sempre que podíamos. Como a botabamos de menos! Desde que a mamá lle diagnosticaran o cancro só fomos tres veces co tío, a dar unha volta, como din eles.

E chegou o día no que Marcos e mais eu faciamos doce anos. Esta vez si que se confabularon os tres para o noso agasallo.

—Vamos, rapaces! Non queredes abrir o agasallo ou que? Pero onde estades?

—Xa imos! —berrou Marcos desde a súa habitación.

—Que é isto? Que caixas máis grandes!

—Pero que nos comprastes? —preguntou o meu irmán aparvado.

—He, he, he, non vos fiedes das aparencias!

—dixo o meu tío sorrindo.



O meu irmán e mais eu empezamos a desenvolver as dúas enormes caixas. E ao quitar o papel da primeira, había unha segunda, tamén envolta. E logo outra. E outra máis. Así ata que quedamos cunha caixa diminuta na que dentro había... un sobre!

—Como nos enganastes! —dixo o meu irmán.

—Nin se me ocorrera! O das caixas foi idea túa, a que si, tío?

—Como me coñeces, Dani, he, he!

—Agora si que marchamos! —exclamou mamá—. Esta viaxe foi a miña forza, a miña ilusión... Agora é o momento, a que si, cariño?

—dixo mamá chiscándolle o ollo a papá.

—Por suposto, hai que vivir...

—Non empeces outra vez, papá, non, por favor

—queixouse o meu irmán, impedindo que papá acabase a súa frase preferida.

Marcos e mais eu sacamos emocionados os catro billetes de avión dos sobres.

—Marchamos dentro de tres semanas. O tío quedará con Nela —dixo mamá.

—Guau, guau!



E por fin, dous anos despois do previsto, cumprimos o noso soño: esa viaxe en avión que tanto desexáramos. E claro que foi marabillosa! Foi, realmente, inesquecible só polo feito de que fomos os catro xuntos, sans e salvos.

E é que, como ben di papá, hai que vivir o día a día porque quen sabe o que pasará a fin de semana que vén?



Podes descargar este libro gratuitamente en

www.pacientes.gsk.es



Co patrocinio de:

